

■ AXUDAS A MAIORES DE 55 ANOS CON CONTRATO EXTINGUIDO DUNHA EMPRESA EN CRISE

(DOG n.º 87.- Luns, 10 de maio de 2021)



■ DISPOSICIÓN COMÚNS

PERÍODO SUBVENCIONABLE

Desde o 1 de outubro de 2020 ata o 30 de setembro de 2021, ambos incluídos.

PRAZO SOLICITUDE

Desde o 11 de maio ata o 31 de outubro de 2021, ambos incluídos.

■ LIÑA I. AXUDAS PARA FINANCIAR AS COTAS PARA INGRESAR POLO CONVENIO ESPECIAL COA SEGURIDADE SOCIAL

QUEN PODE BENEFICIARSE DA AXUDA?

- As persoas cuxo último contrato de traballo se extingue nos últimos catro anos por proceder dunha empresa en crise (declarada insolvente ou en concurso) con centro de traballo en Galicia.
- Con antigüidade na empresa de procedencia dun mínimo de tres anos.
- Con 55 ou máis anos de idade.
- Que teñan esgotada a prestación contributiva por desemprego.
- Que a base de cotización media por contingencias comúns dos últimos 6 meses de ocupación non supere os 2600 euros.
- Que teñan suscrito ou se comprometan a subscribir convenio especial coa Seguridade Social.

CAL SERÁ A CONTÍA DA AXUDA?

Será o importe da cota que se ha aboar polo convenio especial á Tesouraría da Seguridade Social co límite de 500 euros mensuais cun límite de 6000 euros. A duración da axuda será, como máximo, de 12 mensualidades consecutivas ininterrompidas.

■ LIÑA II. AXUDAS PARA COMPENSAR A DIMINUCIÓN DA INDEMNIZACIÓN A PERSOAS DE MÁIS DE 55 ANOS QUE PROCEDEN DE EMPRESAS EN CRISE

QUEN PODE BENEFICIARSE DA AXUDA?

- As persoas cuxo último contrato de traballo se extingue nos últimos catro ano por proceder dunha empresa en crise (declarada insolvente ou en concurso) con centro de traballo en Galicia.
- Que o importe da indemnización aboada polo FOGASA sexa inferior ao recoñecido en sentenza, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa a favor da persoa solicitante.
- Que teña 55 ou máis anos de idade.
- Que a antigüidade na empresa da que proceda sexa dun mínimo de tres anos.

CAL SERÁ A CONTÍA DA AXUDA?

Consistirá nunha cantidade a tanto global, que non poderá superar a cantidade deixada de percibir, en función da antigüidade na empresa:

- Entre 3 e 10 anos e base de cotización media por contingencias comúns durante os últimos 6 meses de ocupación cotizada igual ou inferior a 1900 euros: a axuda será de 1350 euros. Se a base de cotización media é superior a 1900 euros, a axuda será de 1085 euros.
- Superior a 10 anos e base de cotización media por contingencias comúns durante os últimos 6 meses de ocupación cotizada igual ou inferior a 1900 euros: a axuda será de 1950 euros. Se a base de cotización media é superior a 1900 euros, a axuda será de 1565 euros.



www.ccoo.gal